



Proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 45/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, a súa posta en funcionamento, e se determinan os órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora en materia de hidrocarburos

O artigo 43.2 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, establece que as administracións autonómicas, no exercicio das súas competencias, deberán garantir que os actos de control que afecten á implantación das instalacións de subministración de carburantes polo miúdo, se integren nun procedemento único e ante unha única instancia. Para tal efecto, regularán o procedemento e determinarán o órgano autonómico ou local competente ante o que se realizará a solicitude e que, se é o caso, resolverá este. Este procedemento coordinará todos os trámites administrativos necesarios para a implantación das devanditas instalacións con base nun proxecto único.

O decreto 45/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, a súa posta en funcionamento, e se determinan os órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora en materia de hidrocarburos, dou cumprimento ao citado artigo 43.2 establecendo un procedemento único para Galicia.

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, sinala no seu artigo 44 que as comunidades autónomas constituirán un rexistro de instalacións de distribución polo miúdo no cal deberán estar inscritas todas aquelas instalacións que desenvolvan esta actividade no seu ámbito territorial. Ese rexistro foi creado en Galicia pola Orde do 24 de maio de 2006 pola que se crea e se regula o Rexistro de Instalacións de Distribución polo Miúdo de Produtos Petrolíferos Líquidos, e ten carácter autorizativo.

O actual sistema de rexistro autorizativo supón demoras inxustificadas no inicio de actividade das instalacións de distribución que están listas para entrar en servizo. O principio de necesidade e proporcionalidade das actuacións das autoridades competentes fai recomendable substituír este mecanismo autorizativo por un sistema de comunicación previa.

A Comisión Galega da Competencia incidiu nunha circular de boas prácticas na necesidade de levar a cabo a revisión do procedemento integrado e a substitución do carácter autorizativo do rexistro por un baseado na comunicación previa,



recomendando á administración autonómica a refundición nunha soa norma das dúas que actualmente regulan o procedemento integrado e o rexistro das instalacións.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, de acordo/oído o Consello Consultivo, e logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do XXX,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do Decreto 45/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, a súa posta en funcionamento, e se determinan os órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora en materia de hidrocarburos.

O Decreto 45/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, a súa posta en funcionamento, e se determinan os órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora en materia de hidrocarburos, queda modificado nos seguintes termos.

Un. Modifícase o artigo 1 que queda redactado nos seguintes termos:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. O presente decreto ten por obxecto a regulación do procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, a súa posta en funcionamento e a determinación dos órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora en materia de hidrocarburos no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Este decreto será de aplicación a todas as instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos nas que se desenvolva polo menos unha das seguintes actividades:

- a) Subministro de combustibles e carburantes a vehículos en instalacións habilitadas ao efecto.
- b) Subministro a instalacións fixas para consumo na propia instalación.
- c) Subministro de queroseno con destino á aviación.



d) Subministro de combustibles a embarcacións.
coa excepción do capítulo II, que só será de aplicación á alínea a).

3. Os servizos e establecementos anexos ás instalacións ás que se refire o presente decreto, tales como tendas, restaurantes, cafeterías, servizos e aseos hixiénicos, autolavado, talleres de reparación, cambio de aceite, venda de repostos, etc., regularanse polo disposto nas normas específicas de aplicación e as disposicións reguladoras da publicidade e mercado de prezos.

Dous. Modifícase o Capítulo III, que queda redactado nos seguintes termos:

Capítulo III

Rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos

Artigo 11. Procedemento de inscrición

1. As instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos nas que se produza un cambio de depositario inscribíranse no Rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos.
2. Para elo, o titular deberá, unha vez finalizada a execución da instalación, e previa á súa posta en servizo, presentar a comunicación cuxo modelo se recolle como Anexo I deste decreto, e que ten como código de procedemento IN624C. O procedemento IN624C é un procedemento administrativo de prazo aberto.
3. A presentación da comunicación previa comportará a inscrición da instalación no Rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos. A inscrición no Rexistro non supón un pronunciamento favorable da administración sobre a idoneidade das instalacións respecto da restante normativa que lle sexa de aplicación.
4. Unha vez presentada a comunicación previa, poderase iniciar a actividade de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, sen prexuízo das facultades de verificación e control da consellería competente en materia de industria.
5. Calquera variación nos datos comunicados deberá ser comunicada a través do mesmo procedemento no prazo máximo de 15 días dende que teña lugar.
6. En concreto, toda instalación de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos a vehículos nas que se produza un cambio de depositario, que subscriba un contrato de



subministración en exclusiva cun operador por xunto de produtos petrolíferos ou outorgue calquera título que lles confira a xestión directa ou indirecta da instalación, deberá comunicalo a través do procedemento IN624C no prazo de máximo de 15 días computados dende a data de subscripción do contrato de subministración en exclusiva ou de outorgamento do título que confira a xestión directa ou indirecta da instalación, aportando o dito contrato ou título.

Artigo 12. Forma e lugar de presentación da comunicación

1. Establécese a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos para este procedemento, ao considerarse acreditado que o colectivo de persoas físicas solicitantes teñen suficiente capacidade económica e técnica para ter acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

2. As comunicacións presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado recollido no anexo I, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa comunicación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da comunicación aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das comunicacións poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 13. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. As persoas interesadas deberán achegar coa comunicación a seguinte documentación:

a) Alta no rexistro:

Proxecto

Dirección de obra

Resolución do procedemento único integrado, de ser o caso

Licencia municipal de obra

Comunicación previa de inicio de actividade á Administración Municipal

Declaración de Incidencia Ambiental

Conformidade do organismo competente en materia de estradas

Certificado de probas de resistencia e estanqueidade antes de soterrar as canalizacións



Certificado de instalación emitido por empresa instaladora habilitada
Aprobación de modelo e de verificación primitiva ou declaración de conformidade CE para os aparatos surtidores
Contrato de subministración en exclusiva ou de outorgamento do título que confira a xestión directa ou indirecta da instalación, de ser o caso

b) Baixa no rexistro:

Documentación que reflecta a posta en fora de servizo de toda a instalación
Certificado de realización das obras de posta en fora de servizo
Certificado de realización da inertización de depósitos
Documentos de xestión dos residuos tras a retirada dos depósitos

c) Cese de actividade de duración superior a un mes:

Comunicación do período de tempo que estará cerrada.
Certificado de organismo de control da limpeza e desgasificación dos depósitos.
Documento de control e seguimento de residuos perigosos.
Documentación acreditativa na que se indiquen as medidas de seguridade adoitadas para o bo mantemento das instalacións durante o cese

d) Cambio de titularidade:

Documento acreditativo da nova titularidade

e) Modificación substancial:

e.1 Substitución total ou parcial de tanques xunto coas tubaxes asociadas:

Proxecto
Dirección de obra
Certificado de instalación emitido por empresa instaladora habilitada
Certificado das probas de resistencia e estanquidade
Certificado do cumprimento da MI-IP-06

e.2 Incremento da capacidade de almacenamento e/ou das tubaxes de impulsión, de aspiración ou de vapor:

Proxecto
Dirección de obra
Certificado de instalación emitido por empresa instaladora habilitada
Certificado das probas de resistencia e estanquidade
Certificado do cumprimento da MI-IP-06

e.3 Incremento das posicións de subministro e/ou das tubaxes de impulsión, de aspiración ou de vapor:



Proxecto

Dirección de obra

Certificado de instalación emitido por empresa instaladora habilitada

Certificado das probas de resistencia e estanquidade

e.4 Incorporación de instalacións de subministro de combustibles gaseosos ou calquera outro tipo de enerxía para o subministro a vehículos:

Proxecto da instalación no se que se xustifique o cumprimento do regulamento correspondente segundo a instalación que se incorpore (baixa tensión, combustibles gasosos, etc...) e o cumprimento da MI-IP-04

Legalización da instalación que se incorpore

Dirección de obra

e.5 Ampliacións ou modificacións de importancia da instalación eléctrica conforme ao Regulamento de baixa tensión:

Proxecto da ampliación ou modificación na instalación eléctrica de baixa tensión onde se xustifique tamén o cumprimento da MI-IP-04

Legalización da instalación de baixa tensión

Dirección de obra

e.6 Cambio de réxime de instalación atendida a desatendida:

Proxecto

Dirección de obra

Certificado de instalador de produtos petrolíferos líquidos de que a instalación segue a cumprir coa ITC MI-IP-04

Declaración de conformidade dos surtidores (se procede)

Avaliación técnica de idoneidade do sistema de extinción automática (se procede)

Legalización da instalación de protección contra incendios

Legalización da instalación de baixa tensión (se procede)

Protocolo de actuación no caso de descarga da cisterna unicamente polo condutor da mesma

Contrato co centro de control si é alleo; no caso de ser propio, o proxecto deberá xustificar o cumprimento do establecido no punto 13.2 da ITC-IP-04

Para as instalacións que operen as 24 horas do día en réxime desatendido, procedemento de inspección periódica e libro de visitas

e.7 Reparación in situ de tanques enterrados:

Certificado de organismo de control da limpeza e desgasificación dos depósitos

Certificado emitido pola empresa reparadora onde se faga constar os resultados dos traballos que foron realizados conforme ao informe UNE 53991 IN e ao estudo-proxecto presentado ante a Comunidade Autónoma



Documento de control e seguemento de residuos perigosos

e.8 Transformación in situ de tanques enterrados de simple a dobre parede:

Certificado de organismo de control da limpeza e desgasificación dos depósitos.

Certificado emitido pola empresa reparadora onde se certifiquen os ensaios realizados e a conformidade coa norma UNE 62422 ou UNE 53935

Documento de control e seguemento de residuos perigosos.

e.9 Compartimentación in situ de tanques enterrados:

Certificado de organismo de control da limpeza e desgasificación dos depósitos

Certificado emitido pola empresa reparadora onde se certifiquen os ensaios realizados e a conformidade coa norma UNE que aplique para a compartimentación insitu

Documento de control e seguemento de residuos perigosos

f) Outras modificacións:

Memoria descritiva das modificacións realizadas

2. Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información



actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 14. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa comunicante
- b) DNI ou NIE da persoa representante
- c) NIF da entidade comunicante
- d) NIF da entidade representante

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 15. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na comunicación

3. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.



4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 16. Trámites administrativos posteriores á presentación da comunicación

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 17. Organización do rexistro

1. O rexistro estará dividido en tres seccións:

- a) Sección I: subministración a vehículos (estacións de servizo)
- b) Sección II: subministración a instalacións fixas para o seu consumo na propia instalación.
- c) Sección III: subministración a buques ou aeronaves

2. Se nun mesmo establecemento se realizan actividades correspondentes a varias seccións, farase unha comunicación por sección.

Artigo 18. Codificación do rexistro

A clave de inscrición no rexistro será, para cada unha das seccións, a seguinte:

Sección I: ES-G-XXX

Sección II: SD-G-XXX

Sección III: PA-G-XXX

sendo, para cada sección, "XXX" un contador numérico.

Artigo 19. Competencia

O Rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos estará adscrito á consellería competente en materia de industria e a súa xestión corresponderá ás xefaturas territoriais da devandita consellería.



Artigo 20. Titularidade e responsabilidade

1 Para os efectos administrativos, considerarase titular das instalacións á persoa física ou xurídica encargada da súa explotación.

2 As persoas titulares das instalacións serán responsables do seu mantemento e correcto estado de funcionamento, así como de que cumpren os requisitos técnicos e de seguridade que lles afecten, sen prexuízo da lexislación de protección do medio ambiente que resulte de aplicación.

Artigo 21. Acceso aos datos do rexistro

1 Terán carácter público os datos que coincidan cos datos declarados públicos pola normativa reguladora do Rexistro Integrado Industrial e, en todo caso, de conformidade co disposto no artigo 22.3 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de Industria, os seguintes:

- número de identificación no Rexistro de instalacións de distribución polo miúdo, denominación ou “nome comercial” do establecemento, datos de localización e actividade económica principal
- razón social ou denominación do titular así como o número de identificación, o domicilio e a actividade principal

2 Nos restantes casos, as persoas interesadas poderán acceder aos datos incluídos no Rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de conformidade co establecido na normativa sobre transparencia e na normativa reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

3 De acordo co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, o acceso aos datos incluídos no Rexistro de instalacións de distribución polo miúdo realizarase exclusivamente a través de medios telemáticos.-

4 As persoas titulares das instalacións inscritas poderán solicitar da xefatura territorial da consellería competente en materia de Industria a expedición de certificados sobre os datos relativos ao seu propio establecemento.

5 Así mesmo, a consellería competente en materia de industria poderá, nas condicións fixadas na normativa sobre transparencia e na normativa reguladora do réxime xurídico



das administracións públicas e do procedemento administrativo común así como na normativa sobre protección de datos de carácter persoal, difundir información que permita aos cidadáns ou a outras administracións ou entidades ter coñecemento do sector, así como publicar datos utilizando formatos estruturados e non propietarios que sexan procesables de forma automática para a súa publicación no portal abert@s <http://abertos.xunta.gal/>

Artigo 22. Actuacións de inspección e control

1 Tras a presentación da comunicación previa, a Consellería competente en materia de industria, a través das súas Xefaturas Territoriais, poderá realizar en calquera momento as actuacións de inspección e control da instalación que sexan precisas, tanto documentais como in situ, para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa de aplicación.

2 No suposto de que se detecten incumprimentos, sinalaranse e concederáse á persoa titular da instalación prazo de emenda, sempre que aqueles fosen emendables. Poderanse adoptar ademais medidas provisionais para a protección dos intereses públicos e de terceiras persoas, incluído o cesamento do exercicio da actividade ou o pechamento da instalación, nos termos establecidos pola lexislación do procedemento administrativo común.

3 O transcurso do prazo de emenda sen que se corrixa os incumprimentos ou deficiencias detectados ou o carácter inemendable destes dará lugar á iniciación de oficio do procedemento de declaración de ineficacia da comunicación previa, sen prexuízo das responsabilidades sancionadoras que procedan, as cales se exixirán a través do correspondente procedemento sancionador.

Artigo 23. Causas de ineficacia

1. Son causas de ineficacia da comunicación previa:

a) O incumprimento orixinario ou sobrevido dos requisitos legais a que estivese sometida a instalación.

b) A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegase ou incorporase á comunicación previa.

c) O non exercicio da actividade no prazo de seis meses desde a presentación da comunicación previa, sen prexuízo da posibilidade de poder formular unha nova comunicación previa.



d) A interrupción da actividade durante un ano, contado desde a data en que se produciu esta interrupción, sen prexuízo da posibilidade de poder formular unha nova comunicación previa.

2. Para o efecto do establecido na alínea b) do punto anterior, entenderase por:

a) Inexactitude de carácter esencial: a falta de correspondencia coa realidade do contido de calquera dato, manifestación ou documento que se achegase ou incorporase á comunicación previa, sempre que as características reais da instalación non se axusten aos requisitos legais a que estivese sometida e non exista falsidade de carácter esencial de acordo co previsto na alínea seguinte.

b) Falsidade de carácter esencial: a introdución intencionada de elementos que non se correspondan coa realidade en calquera dato, manifestación ou documento que se achegase ou incorporase á comunicación previa, co fin de superar os controis administrativos sen cumprir os requisitos legais a que estivese sometida a instalación.

c) Omisión de carácter esencial, a ausencia de calquera dato, manifestación ou documento que fose preceptivo achegar ou incorporar á comunicación previa, e que sexa determinante para verificar o cumprimento dos requisitos normativos a que estivese sometida a instalación.

Artigo 24. Procedemento de declaración de ineficacia

1. O procedemento de declaración de ineficacia iniciarase de oficio pola Xefatura Territorial da Consellería competente en materia de industria ante a que se presentou a comunicación previa, podendo adoptar ou, de ser o caso, prorrogar as medidas provisionais necesarias para a protección dos intereses públicos e de terceiras persoas, incluído o cesamento do exercicio da actividade ou o pechamento da instalación, nos termos establecidos pola lexislación do procedemento administrativo común.

2. No procedemento darase audiencia á persoa titular da instalación.

Se a causa de ineficacia é emendable, no mesmo trámite concederase á persoa titular da instalación un prazo de emenda dos incumprimentos ou deficiencias detectados, salvo que xa se tivese concedido nun procedemento previo de verificación ou control ou se aprecie reiteración ou reincidencia no incumprimento. En ningún caso poderá considerarse emendable a falsidade de carácter esencial en calquera dato, manifestación ou documento que se achegase ou incorporase á comunicación previa.

Se se emenda a irregularidade no prazo de emenda concedido ou se acredita no trámite de audiencia que se emendou, o procedemento será sobresido.



3. A resolución será motivada e notificarase nos termos previstos pola lexislación do procedemento administrativo común no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal o procedemento caducará e deberán archivarase as actuacións, de oficio ou por solicitude da persoa interesada.

Artigo 25. Efectos da declaración de ineficacia

1. A declaración de ineficacia dunha comunicación previa impide, desde o momento da súa notificación á persoa titular da instalación, o exercicio da actividade de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, e dará lugar á baixa da instalación no Rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos.

2. Igualmente, comportará a iniciación de oficio das correspondentes actuacións de restablecemento da legalidade, que poderán determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actividade ou á apertura da instalación e a indemnización dos danos e perdas producidos a bens públicos.

3. Así mesmo, poderá determinar a inhabilitación da persoa interesada para presentar unha nova comunicación previa para a mesma actividade durante un período de tempo determinado de entre tres meses e un ano. A inhabilitación establecerase, de ser o caso, na mesma resolución que declare a ineficacia da comunicación previa, e para a súa imposición valorarase motivadamente a existencia de reiteración ou reincidencia no incumprimento que dea lugar á declaración de ineficacia.

4. A declaración de ineficacia é independente das responsabilidades sancionadoras que procedan, as cales se exixirán a través do correspondente procedemento sancionador.

Tres. Renuméranse os artigos 13, 14 e 15, cos números 26, 27 e 28 respectivamente

Disposición adicional primeira. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Economía, Emprego e Industria coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do



procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Disposición adicional segunda. Actualización de modelos normalizados

Os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado na presente disposición poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. A estes efectos, será suficiente a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.

Disposición adicional terceira. Equipos automáticos de detección e extinción de incendios en instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos a vehículos desatendidas

Para a acreditación dos requisitos de seguridade dos equipos automáticos de detección e extinción de incendios en instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos a vehículos desatendidas estarase ao establecido no artigo 5 do Real Decreto 513/2017, de 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios.

No caso de que dispoñan dunha avaliación técnica favorable da idoneidade para o seu uso previsto, e esta conteña limitacións do sistema, o dito sistema presumirase conforme si se prevén no proxecto medidas que compensen ditas limitacións e a súa validez ven certificada polo director de obra.



Disposición adicional cuarta. Libro de revisións, probas e inspeccións.

Todas as instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos a vehículos con capacidade total de almacenamento superior aos 5000 litros disporán dun libro de revisións, probas e inspeccións en formato electrónico, asociado á súa inscrición no Rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos.

O titular da instalación estará obrigado a incorporar ao libro de revisións, probas e inspeccións os resultados de todas as actuacións que a instrución técnica complementaria MI-IP 04, aprobada polo Real Decreto 706/2017, de 7 de xullo, indique que deben ser anotadas nel.

No dito libro diferenciarase entre revisións e probas periódicas por unha banda, e inspeccións periódicas por outra.

No apartado de revisións e probas periódicas farase constar a data da actuación, a entidade que a realizou, e unha breve descrición da actuación, e incorporarse o certificado co resultado.

No apartado de inspeccións periódicas farase constar a data da actuación, o organismo de control autorizado que a realizou e o resultado dela (favorable, condicionada ou negativa), e incorporarse a acta co resultado.

Disposición transitoria primeira. Procedementos de rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos en tramitación

Os procedementos de rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste decreto, tramitaranse e resolveranse pola normativa vixente no momento de presentación da solicitude. Non obstante, a persoa interesada poderá, con anterioridade á resolución, desistir da súa solicitude e optar pola aplicación deste decreto.

Disposición transitoria segunda. Instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos xa rexistradas

As instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos xa rexistradas á entrada en vigor deste decreto conservarán a súa codificación.



As rexistradas na sección terceira incorporaranse á sección primeira.

As rexistradas na sección cuarta incorporaranse á sección terceira.

Disposición transitoria terceira. Actualización de datos no rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos

Os titulares de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos xa rexistradas á entrada en vigor deste decreto deberán actualizar e completar os datos requiridos na comunicación cuxo modelo se recolle como Anexo I deste decreto e que non consten no expediente electrónico.

Este trámite deberá ser realizado electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, no prazo máximo de 30 días dende a entrada en vigor deste decreto.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que contradigan o disposto no presente decreto. En particular queda derogada a Orde do 24 de maio de 2006 pola que se crea e se regula o Rexistro de Instalacións de Distribución polo Miúdo de Produtos Petrolíferos Líquidos.

Disposición final primeira. Facultade de desenvolvemento.

Facúltase ao titular da consellería competente en materia de industria, para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto no relativo á organización e materias propias do seu departamento.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Santiago de Compostela,

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Francisco José Conde López

Conselleiro de Economía, Emprego e Industria